

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2**

### **SESION EXTRAORDINARIA DO 11 DE FEBREIRO DE 2008**

#### **ASISTENTES**

Excmo. Sr. Alcalde	
Abelairas Rodríguez, Isaura	Iglesias Bueno, Marta
Alonso Pérez, Fco. Xabier	Lago Rey, María Jesús
Calviño Rodríguez, Xulio	Larriba Leira, Elvira
Coello Bufill, Antonio	López Atrio, Laura
Comesaña Abalde, Carlos	López Carreira, Xesús
Conde Gil, Jorge	López Font, Carlos
Díaz Vázquez, Raquel	Martiño Gómez, Antonio
Domínguez Olveira, Santiago	Méndez Piñeiro, María
Fidalgo Iglesias, Miguel	Molares Pérez, Lucía Emilia
Figueroa Vila, José Manuel	Porro Martínez, María Corina
García Míguez, María Angeles	Rivas González, Angel
González Sagarra, Javier Pablo	Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Guerra Fernández, Javier Jorge	Veloso Ríos, Iolanda

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e vintecinco minutos do día once de febreiro do ano dous mil oito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requerida. Están tamén presentes as membros da Xunta de Goberno Local, Sras. Maure Noia e Silva Rego, e más o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

**ÚNICO.-(17) SORTEO DE FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS VINDEIRAS ELECCIÓNNS XERAIS DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 26.2 DA LEI ORGÁNICA DO RÉXIME ELECTORAL XERAL.**

**ANTECEDENTES.-** En cumprimento do artigo 26 da Lei Orgánica do Régime Electoral Xeral, convocouse sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que se realiza o día da data, na Casa do Concello ás nove horas e vintecinco minutos, a fin de facer o sorteo, por ordenador, da formación das mesas electorais para as vindeiras eleccións xerais, convocadas por RD número 33/2008, do 14 de xaneiro de 2008, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 13, do 15 do mesmo mes.

O Sr. Presidente explica brevemente o sistema para o sorteo de formación das mesas electorais, indicando que se sacarán números ó chou, do 1 ó 999, para escoller cada un dos membros a designar, que corresponderán co número do censo electoral e seguidamente o ordenador fará automaticamente a continuación do número que saia, segundo a titulación e a idade requerida, os componentes das citadas mesas para presidentes, vocais e suplentes.

Os devanditos números son os que seguen:

PRESIDENTE	9
1º VOCAL	222
2º VOCAL	77
PRESIDENTE 1º SUPLENTE	444
PRESIDENTE 2º SUPLENTE	99
1º VOCAL 1º SUPLENTE	718
1º VOCAL 2º SUPLENTE	879
2º VOCAL 1º SUPLENTE	530
2º VOCAL 2º SUPLENTE	624

De seguido o Sr. presidente indica que os devanditos números se introduzan no proceso de datos municipal a fin de que se confeccione o listado dos cargos que terán que ocupar as mesas electorais, listado que se procede a remitir a todos os grupos políticos da Corporación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintesete membros presentes da Corporación que a constitúen de derecho e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar, tralo sorteo público realizado, a constitución das mesas electorais para as vindeiras eleccións xerais, que se contén no listado consecuencia do sorteo e a súa remisión á Xunta Electoral de Zona de Vigo, de conformidade co disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórarse ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.

**DILIXENCIA:**

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión extraordinaria do Pleno do día 11 de febreiro de 2008. Consta de 2 folios da serie A numerados do 2141176 ó 2141177, e números do 69 ó 70. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 28 de abril de 2008.

Vigo, a 28 de abril de 2008  
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda